



Declaración institucional de apoio á candidatura de Vigo á universiada de verán 2013

O Parlamento de Galicia manifesta o seu apoio institucional á candidatura de Vigo para ser sede da XXVII Universiada de Verán 2013.

A preparación da candidatura xa foi iniciada polo Concello de Vigo coa intención de acoller este destacado acontecemento que ten lugar cada dous anos e que convoca a uns 10.000 deportistas duns 170 países, cifras só superadas no ámbito deportivo nas celebracións dos Xogos Olímpicos. No ano 2009 a Universiada de Verán terá a súa sede en Belgrado –Serbia- e no 2011 en Shenzhen –China-.

O desenvolvemento da XXVII Universiada de Verán en Vigo suporá un grande proxecto económico, social, deportivo e cultural que repercutirá na área de influencia da cidade olívica e no conxunto de Galicia; representando, tamén, unha oportunidade extraordinaria para proxectar Vigo e Galicia no ámbito internacional.

A celebración deste grande evento deportivo suporá unha mellora e maior difusión de hábitos de saúde e ocio entre a poboación e proporcionará os valores inherentes ao espírito do deporte para todas e todos.

19 de febreiro de 2008.